



D. Armando Ojea Bouzo, en nome e representación do Grupo Provincial de Democracia Ourensá, presenta, segundo a lexislación vixente, a seguinte **MOCIÓN relativa á recuperación da microtoponímia na provincia de Ourense.**

#### DECLARACIÓN DE MOTIVOS

O coñecemento da microtoponímia dun espazo xeográfico é unha parte fundamental do seu patrimonio inmaterial, como afirman innumerables organizacións políticas, culturais, universitarias, etc.

Ademais do seu valor patrimonial digno de conservarse, o coñecemento da toponimia achega moitos outros valores relacionados co científico, o económico ou o social. Lingüistas, arqueólogos, cartógrafos ou historiadores adoitan obter información importante a partir do coñecemento e a análise dun microtopónimo.

Pero a súa utilidade abarca campos más amplos. Botánicos ou zoólogos obtiveron importantes pistas nos seus estudos sobre os ecosistemas e o seu desenvolvimento a partires dun microtopónimo. Promotores económicos souberon da existencia dalgún importante recurso natural. Xuristas resolveron casos relacionados con herencias ou conflictos territoriais en base a esa clase de información. Os exemplos posibles son numerosos como para detallalos aquí, pero fácilmente imaxinables.

Por desgraza, na maioría dos casos o coñecemento destes microtopónimos aparece só na memoria de persoas maiores que pasaron a súa vida, ou parte dela, nos lugares aos que se refiren sen aparecer, agás casos excepcionais de documentos de sucesión dispersos, en ningún rexistro escrito. Cada vez que unha das persoas falece, ese valioso coñecemento faise irrecuperable.

Varias organizacións están a traballar para evitar a perda deste importante patrimonio. Por exemplo, o proxecto "Galicia Nomeada" no que está implicada a Xunta de Galicia. Pero estes proxectos supoñen a colaboración dun gran número de persoas sensibilizadas que podian recoller e comunicar esa información adecuadamente a esas entidades. Ademais, hoxe en día as modernas tecnoloxías permiten realizar as tarefas necesarias de forma moi eficiente.

Incluso emigrantes en partes remotas do mundo foron capaces de comunicar os seus valiosos coñecementos ao respecto a través de aplicacións informáticas.

A nosa provincia é moi rica en microtopónimos, entre outras causas, a causa do minifundio, da dispersión poboacional ou da variedade orográfica ou biolóxica, así como do



GRUPO PROVINCIAL  
DEPUTACIÓN DE OURENSE

proverbial amor dos nosos antepasados pola terra, manifestado na necesidade de nomeala en detalle.

Recuperar todo ese patrimonio cultural require da colaboración de persoas maiores, coñecedoras desa información, con xente máis nova, máis acostumadas ao uso das novas tecnoloxías.

O valor da colaboración interxeracional e as necesarias relacóns de socialización serían un valor engadido no ámbito social que, por outra banda, tampouco é despreciable. Esta colaboración pódese canalizar a través da colaboración dos concellos con colexios, institutos, asociacións culturais ou veciñais, etc.

É por iso que dende Democrazia Ourensá facemos a seguinte

**PROPOSTA:**

Activar unha liña de axudas da Deputación de Ourense aos concellos da provincia para que poidan iniciar, en colaboración con entidades culturais, educativas ou sociais que consideren oportunas, actividades destinadas á recuperación, con maior detalle posible, da microtoponimia do seu territorio, e a posta a disposición desa información ás entidades públicas interesadas.

Ourense, a 15 de abril de 2021

  
  
Fdo.: Armando Ojea Bouzo

**Sr. Presidente de la Deputación Provincial de Ourense**